

A promoción e o apoio á lactación materna: da teoría á práctica

Flora Miranda Pena

Médica de Familia. CS de Redondela. Servizo Galego de Saúde

Cad Aten Primaria
Ano 2009
Volume 16
Páx. 263-264

A estas alturas, e sendo este un medio dirixido a profesionais da saúde, pódese dar por feito que os beneficios da lactación materna tanto para a/o filla/o como para a nai son amplamente coñecidos por todos e todas as lectoras.

O que parece que non resulta tan asumido nin promovido é a idoneidade do consello sanitario sobre a lactación materna desde as nosas consultas médicas de Atención Primaria, pese ao noso privilegiado lugar como acompañantes da muller xestante mesmo dende antes da decisión de ter unha/un filla/o ata a crianza desta/e.

Pero se o punto anterior non está plenamente asumido na actualidade, menos aínda o está a responsabilidade da/o médica/o de familia na asunción compartida do apoio á muller que lacta. Non esquezamos que o proceso de lactación materna, especialmente no inicio e nomeadamente na muller primípara, pode presentar algunha dificultade facilmente resoluble cun pequeno apoio técnico ou emocional por parte dalgunha figura capacitada e sensibilizada na cuestión (médico de familia, enfermaría, pediatra...).

Non hai lugar para a discusión de que a primeira liña no coidado da muller que inicia a lactación debe correr a cargo da profesional mellor e máis especificamente formada para a cuestión, a matrona. É ela a que debe liderar esta atención e a ela debémos derivar as cuestións que acudan ás nosas consultas e admitan programación. Mais estas necesarias profesionais non se atopan a todas horas a disposición da totalidade das mulleres galegas, máxime no rural disperso onde reparten a súa dispoñibilidade entre a cabeceira de comarca e os distintos centros subsidiarios. E tamén é unha realidade que a necesidade de atención nesta cuestión pode ser imprevisible e non entende de horarios (tardes, noites, fins de semana). Resultaría clave neste sentido a capacitación das e dos profesionais dos Puntos de Atención Continuada, recurso accesible por excelencia por carecer de limitacións horarias e de cita previa. Por outra banda, adoita ser o médico de cabeceira o que recibe a demanda de tratamento far-

macolóxico para a supresión da galactoxénese, momento que precisa unha clara e inequívoca intervención (aclarar dúbidas, resolver dificultades), na práctica totalidade dos casos agás contraindicación da lactación, en raras ocasións. Sería idóneo actuar antes de chegar a este extremo.

Se queremos ofrecer unha atención de calidade deberíamos contar cunha formación básica para resolver as pequenas e frecuentes cuestións que se presentan: dúbidas sobre a capacidade de aleitar, gretas, ingurxitación mamaria, falsa hipogalactia, resolución dunha mastite, técnica correcta de aleitamento e pouco máis.

Atrévome a propoñer que a formación para a capacitación básica no apoio á lactación materna (impartida actualmente pola DXSP-Fegas aos profesionais que a solicitan) sexa extensiva a profesionais non sensibilizados a priori coa cuestión e valorada nas avaliacións de produtividade por tratarse dunha **medida de saúde pública custe - efectiva en todas as esferas a curto e longo prazo** que xera benestar social (se cadra tanto ou máis que o control do tratamento anti-coagulante oral ou a codificación en soporte informático de diabéticos e hipertensos). Non estaría de máis tampouco prestar máis atención á formación que se imparte no programa MIR para futuros médicos de familia.

Ata o momento téñense establecido medidas hipócritas incitando á lactación materna, responsabilizando case en exclusiva ás mulleres do éxito do aleitamento sen ofrecer todo o apoio preciso nin todos os recursos sociais e sanitarios necesarios. Neste contexto xogan, en caso de existiren, un papel fundamental os apoios informais (mulleres próximas con experiencia previa: nais, irmás, amigas, coñecidas...). Pero, tras décadas de abandono da práctica do aleitamento materno, o coñecemento da técnica correcta (non é só cuestión de "instinto") deixou de ser transmitido entre mulleres de distintas xeracións. Hoxe non podemos esquecer a importante axuda que ofrecen as asociacións de apoio á lactación materna distribuídas polo noso país.

Outra cuestión fundamental na dignificación da lactación materna é a necesaria revisión da atención hospitalaria ao puerperio inmediato (nos casos de partos nese medio). Falo do fomento da iniciativa “Hospitais amigos dos nenos e nenas” ou similares, para o que habería que desterrar de xeito definitivo medidas como a alta da nai previa á do neno/a, hospitalizacións separadas en caso de necesidade de ingreso do neonato (dependendo da patoloxía), presenza de salas sacaleite modelo granxa, persoal pouco formado e incentivado, “comodidade “ da toma artificial para os neonatos ingresados, etc.

Como nai e usuaria do sistema público galego de saúde percibo a necesidade de apoio real á lactación materna. Como médica enten-

do que debo asumir a cota de responsabilidade que me corresponde coas miñas pacientes. Non é só unha cuestión de principios. Debe ser asumido na busca dunha boa práctica clínica e de melloras colectivas na saúde das nenas, nenos e mulleres galegas.

BIBLIOGRAFÍA

1. Pallás Alonso, CR, Baeza Pérez-Fontán, C. El médico de familia y la formación en lactancia materna. *Atención Primaria*, 2006;38:67-8.
2. García Vera C, Esparza Olcina MJ. Las intervenciones dirigidas a promocionar y mantener la lactancia materna son efectivas si se realizan antes y después del nacimiento y con apoyo de personal no sanitario. *Evid Pediatr*. 2009;5:16.
3. Betzold C, Laughlin K, Shi C. A family practice breastfeeding education pilot program: an observational, descriptive study. *International Breastfeeding Journal* 2007, 2:4.1